

# REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE RETIRADA E TRANSPORTE DE ENTULLOS E DE EXPLOTACION DO VERTEDOIRO URBANO

Aprobado polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de febreiro de 1995. Publicado no BOP de A Coruña o día 13 de maio de 1995.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación de todas aquelas actuacións a realizar en relación co depósito e vertido de entullos e outros residuos, así como a fixación das liñas básicas a observar na explotación do vertedoiro urbano sito en Aríns.

## 1.- RESIDUOS ADMISIBLES.

Os materiais que se depositarán no vertedoiro urbano son os procedentes do municipio de Santiago de Compostela, correspondentes ó apartado f) do punto, do artigo 2º da Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre residuos sólidos urbanos.

Industriais, agrícolas, de construción e obras menores de reparacións domiciliarias, coas limitacións que se establecen no artigo terceiro.

Estas limitacións fan mención, entre outras, á potestade do Concello para esixir que residuos procedentes destas actividades, que presenten características que os fagan tóxicos e perigosos, sexan depositados na forma e lugar adecuados. Polo tanto, non poderán ser depositados neste vertedoiro de residuos inertes.

Considéranse como residuos inertes aqueles que poden ser depositados en vertedoiros ou entulleiras ou ser utilizados para recheos de terreos, bases de estradas, etc., sen xerar ningún efecto negativo no medio ambiente salvo, quizais, un maior ou menor deterioro estético se os residuos non se depositan no lugar e da maneira axeitada.

Segundo a proposta de directiva do Consello relativa ó vertedoiro de residuos, os residuos inertes son aqueles que , “unha vez depositados nun vertedoiro , non experimentan transformacións físicas, químicas ou biolóxicas significativas e que cumpren os criterios de eluato establecidos no anexo III”.

No dito anexo indícanse os valores máximos de concentración no eluato (solución obtida por medio dunha proba de lixiviación simulada no laboratorio) para que un resiuo se considere inerte, e que son:

Parámetro: Concentración no eluato.

- Valor de ph:	4-13
- COT:	? 200 mg/l
- Arsénico:	? 0,1 mg/l
- Chumbo:	? 5 mg/l
- Cadmio:	? 5 mg/l
- Cromo:	? 5 mg/l
- Cobre:	? 5 mg/l
- Níquel:	? 5 mg/l
- Mercurio:	? 5 mg/l

- Cinc:	? 5 mg/l
- Fenois:	? 10 mg/l
- Fluoruro:	? 5 mg/l
- Amonio:	? 50 mg/l
- Cloruro:	? 0,5 mg/l
- Cianuro (2):	? 0,1 mg/l
- Sulfato (3):	? 1,0mg/l
- Nitrito:	? 3 mg/l
- AOX (4):	? 0,3 mg/l
- Solventes:	? 10 ?g/l
- Plaguicidas:	? 0,5 ?g/l
- Substancias lipófilas:	? 1 mg/l

- (1).- E ningún valor superior ó mínimo fixado para residuos perigosos.  
(2).- Librado con facilidade  
(3).- Se é posible ? 500 mg/l  
(4).- Compostos organohaloxenados absorbidos  
(5).- Clorados.

Os residuos inertes ADMISIBLES son:

- Residuos procedentes da derruba de vellos edificios e estruturas.
- Residuos procedentes da rehabilitación e restauración de edificios estruturas existentes.
- Residuos procedentes de construción de novos edificios e estruturas.
- Residuos procedentes do arranxo de rúas.
- Residuos procedentes da produción de materiais de construción, por exemplo residuos dunha formigoneira, compoñentes do formigón, artigos de madeira, etc.
- Residuos procedentes de industrias extractivas.
- Residuos de caucho en forma de produtos acabados usados, ou non conformes nin recuperables.
- Refractarios.
- Residuos plásticos ou polímeros en forma de produtos acabados, ou non conformes nin recuperables.

Esta relación poderá ser ampliada para aqueles residuos que superaran as oportunas determinacións que confirmen a súa condición de inertes.

Excepción: materiais procedentes de desmontes e movementos de terra, etc.

Non obstante, o Concello poderá autoriza-lo depósito de produtos que, aínda que non estean previstos no proxecto inicial, poidan favorecer unha máis rápida recuperación do medio.

Non serán admisibles, en ningún caso, aqueles residuos que estean tipificados como tóxicos ou perigosos na lexislación medioambiental vixente en cada momento ou , de se-lo caso, resultaran non admisibles trala realización das probas oportunas.

## 2.- USUARIOS DO VERTEDOIRO

- A empresa concesionaria do servizo de recollida de colectores do Concello.
- Usuarios privados, é dicir, todos aqueles industriais e contratistas de obras produtores de residuos inertes que polos seus propios medios ou mediante contrata, de forma habitual, e logo da autorización expresa do Concello de Santiago, utilicen o vertedoiro.
- Usuarios non habituais, que precisarán , para cada unha das descargas, unha autorización estendida polo responsable da explotación do vertedoiro (R.E.V).
- O Concello, que poderá depositar no vertedoiro de forma gratuíta os entullos inertes das súas obras. O adxudicatario está obrigado a recibilos e tratalos sempre que contén coa debida autorización.

### **3.- HORARIO DE RECEPCIÓN DOS RESIDUOS**

A zona de depósito está aberta de 6 a 20 horas, de luns a venres.

### **4.- RETIRADA E TRANSPORTE DOS ENTULLOS**

#### **A) RETIRADA E TRANSPORTE**

1.- A retirada dos entullos realizarase mediante colectores que disporán de tapa ríxida con fin de impedi-la súa utilización por persoas alleas ó solicitante do servico. Estes colectores contarán tamén cos enganches e elementos de suxeición e cerramento necesarios.

Para a zona monumental disporase un modelo especial de colector que, atendendo ás características especiais desta zona, minimize o choque estético e entorpeza o menos posible a funcionalidade da zona.

2.- O transporte ó vertedoiro por parte do concesionario do servico realizarase mediante vehículos de tracción mecánica especialmente concebidos para este fin. Os vehículos e colectores utilizados no servico levarán a inscrición “Concello de Santiago. Servico de vertedoiro urbano” co escudo do anagrama do Concello.

#### **B) FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVICIO**

1.- Os colectores situaranse na vía pública exclusivamente nas seguintes zonas:

- a) zonas de aparcamento ou carga e descarga autorizadas.
- b) Beirarrúas de ancho maior a tres metros e medio, situándose xunto ó bordo co obxecto de deixar libre, como mínimo, un paso de metro e medio para o tráfico peonil. Nas demais zonas poderán instalarse sempre que o tráfico rodado e peonil se realice con total seguridade.
- c) Para a colocación dos colectores na vía pública, o adxudicatario terá a obriga de comunicar ó Concello cun prazo de antelación mínimo de 24 horas os puntos en que se van situar.

2.- O apoio dos colectores na calzada e na beirarrúa dispoñéndose en caso necesario os elementos de protección que impidan o deterioro dos pavimentos.

3.- A situación de colectores no interior das obras, en predios ou en terreos sen edificar esixirá a entrada do camión portador por unha zona autorizada e, polo tanto, reforzada para o paso destes vehículos pesados. En caso contrario, só se autorizará a situación nesas zonas se a carga e descarga dos colectores se produce sen apoio do vehículo na beirarrúa.

4.- En caso de que se derramen ou voen materias na vía pública ó desenvólvense as tarefas necesarias, o responsable do transporte deberá limpalos inmediatamente.

5.- Situado o colector na vía pública e co obxecto de evitar malos olores e, consecuentemente, a posibilidade de focos de infección, será substituído no prazo máximo de 72 horas. Unha vez ceho o colector- entendéndose por iso o enraxe do mesmo- non poderá permacer na vía pública por tempo maior de seis horas salvo no suposto de que estea situado nunha rúa que teña fixado un horario específico de retirada. Neste caso a praza será de 24 horas. En tódolos supostos, a retirada dos colectores estará sometida ó indicado no punto 8 deste apartado.

6.- Tódolos colectores situados na vía pública poderán dispor de elementos de sinalización consonte á lexislación vixente sobre a materia co obxecto de evitar accidente. Tódolos colectores situados na vía pública permanecerán tapados cos seus elementos de cerre fóra da xornada laboral.

7.- A retirada ou substitución de colectores realizarase de 6 a 20 horas en días laborables, con excepción dos situados en vías públicas de preferente uso ó tráfico rodado a determinar polo concello, en que unicamente poderán ser retirados ou substituídos de 14 a 17 horas en días laborables.

Non obstante, para vías que poidan presentar calquera tipo de conflictividade, o Concello poderá dar instrucións con respecto ós horarios de retirada e instalación de colectores así como do número máximo que poden establecerse simultaneamente na rúa.

8.- Por requirimento do Concello debido a razóns de utilización da vía pública, hixiénico-sanitarias ou seguridade, retiraranse os colectores nun prazo máximo de dúas horas desde que o adxudicatario reciba o aviso.

9.- O Concello, sen prexuízo doutras medidas, poderá instruí-lo oportuno expediente para determinar se as interrupcións que, de se-lo caso, se produzan na prestación do servizo constitúen ou non falta sancionable.

10.- O servizo ostentará en todo momento a cualificación de servizo público de competencia municipal coas consecuencias inherentes a esta cualificación que marca a lexislación vixente.

## **5.CONTROL DE ENTRADA DE ACCESO Ó VERTEDOIRO**

Ningún vehículo está autorizado a entrar sin recibir autorización do garda.

O garda remitirá ó conductor un vale de depósito.

Non se admitirá en ningún caso o acceso ó vertedoiro de persoas non autorizadas. A autorización para acceder será explicitamente facilitada polo responsable da explotación do vertedoiro.

## **6.- CONDICIÓN DE ENTREGA DOS RESIDUOS**

1.- Non se admitirá a entrega de calquera clase de residuo que non sexa presentada nas condicións que se sinalan no artigo 4.

2.- De calquera accidente ou afección causada nas instalacións do vertedoiro, ó medio ambiente ou a terreiros, como consecuencia dunhas deficiencias condicións no transporte e descarga dos residuos, será responsable, aínda dentro do recinto do vertedoiro, o transportista do residuo.

3.- Se se producen derrames de residuos nos accesos ou no interior do vertedoiro como consecuencia das deficientes condicións no seu transporte ou descarga, os conductores serán responsables de recollelos e retiralos. O R.E.V. porá a dispor dos conductores os medios e útiles necesarios para recoller e retirar os residuos que se puidesen verter, podendo repercutir nos responsables o custo dos medios utilizados.

4.- Se se producise negativa por parte do contratista a retirar e limpa-los residuos vertidos pola súa causa, o R.E.V. realizará o dito traballo, podendo repercuti-los custos correspondentes da operación ó propietario ou titular do residuo.

As visitas que accedan ó vertedoiro serán acompañadas por persoal cualificado do mesmo. Calquera persoa allea que acceda ó vertedoiro, incluídos os conductores habituais dos vehículos de entrega de residuos, están obrigados a seguir puntualmente cantas indicacións les sexan facilitadas polo R.E.V.. A contravención do que se expresa no anterior apartado 3 poderá ser sancionada.

5.- O produtor dun residuo industrial inerte, antes de trasladalo desde o lugar de orixe ata o vertedoiro controlado, terá que contar, como requisito imprescindible, cun compromiso de aceptación por parte da dita instalación.

Para iso, o produtor do residuo deberá achegar, previamente, unha certificación dun laboratorio oficial sobre a composición do residuo e unha declaración formal da súa calidade de inerte, sendo el mesmo o responsable da conformidade dos residuos.

O responsable da explotación do vertedoiro controlado, materializará o dito compromiso cun número de aceptación.

O conxunto destes documentos (aceptación do responsable do vertedoiro, declaración de natureza dos residuos e o número), formará o documento do vertido.

O produtor incluirá o documento do vertido de cada tipo de residuo na documentación que subministrará ó transportista. O dito documento acompañará ós sucesivos envíos dos ditos residuos, xunto coa carta de porte esixida polos regulamentos de transporte de mercadorías.

Existirá unha única entrada para a recepción dos residuos, que se manterá pechada agás durante as horas establecidas para a operación de vertedoiro.

#### 6.- Procedemento de admisión de residuos:

1.- Ben antes, ben no momento de entrega-los residuos, ou da primeira entrega cando se trate dunha serie delas, e sempre que o tipo de residuos non cambie, o posuidor destes ou a entidade explotadora poden demostrar, por medio da documentación adecuada, que os residuos de que se trata poden ser admitidos no dito vertedoiro de acordo coas condicións determinadas.

2.- A entidade explotadora da instalación cumprirá os seguintes procedementos de recepción:

- a) Control da documentación dos residuos.
- b) Inspección visual dos residuos á entrada e no punto de depósito e, sempre que proceda, comprobación da conformidade coa descrición facilitada na documentación presentada polo posuidor.
- c) Mantemento dun rexistro das cantidades e características dos residuos depositados, con indicación da orixe, a data de entrega e a entidade productora ou concesionaria da recollida.
- d) A entidade explotadora facilitará sempre un certificado escrito de cada entrega admitida no vertedoiro.

### **7.- RECEPCIÓN DOS RESIDUOS**

Os residuos poderán ser recibidos no vertedoiro a través das seguintes vías:

1.- Colectores do servizo municipal de retirada e transporte de entullos.

2.- Colectores de empresas privadas que presten o servizo de retirada de transporte de entullos e que deberán reuni-las condicións establecidas no artigo 4.

3.- Vehículos municipais.

4.- Vehículos privados.

### **8. DESCARGA E DISPOSICIÓN DOS RESIDUOS.**

Os residuos inertes que cheguen ó vertedoiro, tanto procedentes dos colectores municipais como os transportados directamente polos seus produtores, depositaránse na plataforma de recepción.

Desde esta plataforma de descarga, utilizando os medios máis adecuados, os residuos trasladaranse á zona ou zonas de vertido despois de que o maquinista verifique a súa conformidade co artigo I. Esta verificación realizarase in situ e consistirá en métodos de comprobación rápida para confirmar se os residuos son os mesmos que foron sometidos ás probas de cumprimento e que se describen nos documentos que os acompañan. Pode consistir simplemente nunha inspección visual dunha carga de residuos antes e despois de descargarlos no lugar correspondente do vertedoiro.

## **9.- CONTROL DE SAÍDA**

Antes de saír da zona do vertedoiro, o conductor presentará ó garda o vale de depósito asinado polo maquinista testemuñando a conformidade do depósito.

## **10.- VERTIDOS NON CONFORMES**

Se despois de baleirados, o maquinista considera que uns residuos non están correctos mencionarao no vale de depósito e o responsable do vertido terá a obriga de levalos inmediatamente.

A entidade explotadora notificará ó Concello a dita circunstancia.

## **11.- SISTEMA DE PAGAMENTO**

A cantidade a pagar polo usuario do servicio municipal de retirada e transporte de entullos será de 5.000 pts/colector, incluíndo o depósito, transporte e vertido.

A cantidade a pagar por terceiros que realicen o transporte de residuos ó vertedoiro será de 800 pts/m3.

Estas cantidades serán revisables de acordo co establecido no prego de condicións que rexe a concesión do servicio. Dos novos prezos darase a oportuna publicidade para o coñecemento dos usuarios.

O pagamento efectuarase antes do vertido. O comprobante de pago entregarse ó garda do vertedoiro que o cambiará polo vale de depósito a que se refire o artigo 5.

## **12.- INFRACCIONS E SANCIÓN**

1.- A entidade explotadora notificará ó Concello calquera irregularidade que se produza na operación de vertido, como paso previo á imposición das sancións que, de se lo caso, correspondan.

2.- Considéranse infraccións aqueles actos ou omisións realizadas polos usuarios do servicio que contraeñan o disposto no presente regulamento e na Ordenanza xeral de protección do medio ambiente urbano. En canto á súa tipificación e sanción estarase ó que sinala esta ordenanza e as disposicións medioambientais vixentes. O procedemento a seguir para a imposición de sancións será o establecido no Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto.

3.- Os incumprimentos en que puidese incorre-lo concesionario do servicio serán sancionados de acordo co sinalado contractualmente.

## **13.- PROCEDEMENTOS DE CONTROL E SUPERVISIÓN DURANTE A FASE DE EXPLOTACIÓN**

- A) Correspóndelle ó Concello o control e a inspección facultativa do servicio obxecto deste concurso que será exercida polo alcalde, o concelleiro delegado, os técnicos municipais ou o persoal designado, que dictarán cantas disposicións consideren pertinentes para a mellor prestación do servicio, aínda cando non estean sinaladas. As ditas disposicións serán cumpridas polo contratista sempre que, sen opoñerse á recta interpretación do disposto nos pregos de condicións, lle sexan ordenadas por escrito.
- B) O persoal do adxudicatario deberá atender con toda corrección ós representantes do Concello en cantas visitas, inspeccións e traballos efectúen na relación co servicio, proporcionándolle así mesmo tódalas informacións que lle requiran. Atenderá tamén de igual forma as visitas autorizadas.

- C) O adxudicatario estará obrigado a facilitar ó Concello cantos datos e estatísticas lle sexan solicitados en relación co servizo, debendo, en todo caso, entregar mensualmente un informe resume que conteña os datos necesarios para poder avalialo funcionamento do servizo en canto a rendementos e principais incidencias.

A entidade explotadora do vertedoiro levará a cabo durante a fase de explotación un programa de control e supervisión:

#### 1.- CONTROL DA EXPLOTACION

O control da explotación comporase de:

- Control de recepción.
- Control de descarga.
- Control de auga da canteira.
- Control de enchido
- Documentos de explotación:
  - Rexistro de fichas de mantemento.
  - Rexistro de follas de seguimento de recepción.
  - Rexistro de control da contaminación.
  - Rexistro de planos.
  - Memorias semestrais e anuais.

##### 1.1.- Control da recepción

Realizarase nos termos sinalados no apartado 4.

##### 1.2.- Control da descarga.

Realizarase nos termos sinalados no apartado 5.

##### 1.3.- Control da contaminación.

###### 1.3.1.- Control dos residuos recibidos.

O persoal encargado da explotación do vertedoiro controlará en tódolos residuos que se entreguen os aspectos que se indican a seguir:

- Orixe
- Tipo e características.
- Cantidade (en peso ou volume)
- Documentos identificativos pertinentes.

En consecuencia, aceptará ou rexeitará a admisión do residuo, quedando todo isto recollido no libro de rexistro da instalación.

A partir destes datos, a empresa responsable da adxudicación redactará un informe mensual dos rendementos e incidencias, así como unha memoria anual da explotación que, en función do número de cargas rexeitadas e das incidencias acaecidas, permitirá extrae-las conclusións oportunas mediante a realización dunha nova campaña de información pública, a instalación dunha báscula ou un pequeno laboratorio, etc.

###### 1.3.2.- Control da calidade de auga enviada ó rego de Fornas.

Par isto proponse o seguinte control:

- Control semanal do pH e da conductividade da auga evacuada na cabeceira da drenaxe subterránea.
- Estimación do volume evacuado trimestralmente.
- Análise trimestral, realizada por un organismo oficial ou entidade colaboradora, dos seguintes parámetros, como mínimo:
  - Conductividade.
  - PH.
  - Cor.
  - DQO.
  - DBO.
  - Cobre.
  - Cinc.
  - Ferro.
  - Sulfuros.
  - Sulfatos.

Se se dese unha variación substancial dos parámetros analizados respecto á situación preoperacional ou se se superasen os límites do vertido fixados no permiso, redactarase un programa de actuación para identifica-la orixe da alteración e modifica-lo mecanismo de control dos residuos, se fose preciso.

No segundo dos supostos tomaranse as medidas oportunas para a recollida destas augas e o seu tratamento adecuado, evitándose o seu vertido ó cauce habitualmente receptor.

Levarase un rexistro cos resultados de tódalas análises realizadas que estará a disposición da administración competente en calquera momento.

A entidade explotadora notificará ó Concello todo efecto negativo significativo sobre o medio ambiente revelado polos procedementos de control e supervisión.

Cunha frecuencia que determinará a autoridade competente e, en calquera caso, cando menos, ó final de cada ano civil, a entidade explotadora, baseándose en datos globais, informará ás autoridades competentes de tódolos resultados da supervisión con fin de demostrar que se cumpren as condicións de autorización e mellora-lo coñecemento do comportamento dos residuos nos vertedoiros.

Informarase tamén do grao de execución do programa de actuacións simultáneas.

Manterase o recinto libre de roedores, plásticos, etc., e en perfecto estado de limpeza.